

C.E.I.P. Isaac Peral
Avda. Mac Mahón s/n
15403 Ferrol
Tfno: 981 354699- Fax 981 354573
ceip.isaac.peral@edu.xunta.es

PROXECTO EDUCATIVO

DE CENTRO



C.E.I.P. Isaac Peral
Ferrol

ÍNDICE

1. <u>INTRODUCCIÓN</u>	
1.1 <i>Elaboración dun proxecto educativo</i>	3
2. <u>ANÁLISE DO CONTEXTO EDUCATIVO</u>	4
2.1. <i>Datos identificativos</i>	4
2.2. <i>Descrición da historia recente do centro</i>	5
2.3. <i>Descrición do entorno</i>	5
2.4. <i>Situación socio-económica das familias</i>	6
2.5. <i>Lingua usual</i>	6
2.6. <i>Asociacións culturais do barrio</i>	6
3. <u>CARACTERÍSTICAS FÍSICAS DO CENTRO</u>	7
3.1. <i>Edificio de Educación Infantil</i>	7
3.2. <i>Edificio de Educación Primaria</i>	8
3.3. <i>Pavillón</i>	8
3.4. <i>Patios de recreo</i>	8
3.5. <i>Condicións das instalacións do centro</i>	9
4. <u>FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS DO CENTRO</u>	10
4.1. <i>Metas educativas</i>	10
4.2. <i>Linea metodolóxica</i>	11
4.3. <i>Obxectivos</i>	11
4.4. <i>Lingua estranxeira</i>	13
4.5. <i>Ensinanza relixiosa- Atención Educativa</i>	13
4.6. <i>Niveis de esixencia</i>	14
4.6.1 Criterios de avaliación.....	14
4.6.2 Criterios de promoción.....	15
4.7. <i>Plan de Normalización Lingüística</i>	16
4.8. <i>A Orientación educativa</i>	17
4.9. <i>Relacións do centro co entorno</i>	17

5. <u>ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO</u>	18
5.1. <i>Órganos de goberno:</i>	18
5.1.1 Unipersoais: Equipo directivo	
5.1.2 Colexiados: Consello escolar e Claustro de prof., Observ. Convivencia	
5.2. <i>Órganos de Coordinación docente:</i>	19
5.2.1 Equipos de Ciclo	
5.2.2 Comisión de Coordinación Pedagóxica	
5.2.3 Equipo de Normalización Lingüística	
5.2.4 Equipo de Actividades Complementarias e extraescolares	
5.2.5 Titores	
5.2.6 Departamento de orientación	
5.3. <i>Personal da administración</i>	20
5.4. <i>Asociación de pais de alumnos/as (A.P.A.)</i>	20
6. <u>PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS</u>	21
6.1. <i>Programas de Formación en centros organizados polo CEFORES</i>	
6.2. <i>Grupos de Traballo – Seminarios Permanentes</i>	
6.3. <i>Programa de Anticipación á primeira lingua estranxeira</i>	
7. <u>OFERTAS DO CENTRO</u>	22
7.1. <i>Servicios:</i>	22
7.1.1. Transporte	
7.1.2. Comedor	
7.1.3. Secretaría	
7.1.4. Conserxería	
7.1.5. Limpeza	
7.1.6. Mantemento das instalacións	
7.2. <i>Actividades:</i>	23
7.2.1. Complementarias	
7.2.2. Extraescolares	
8. <u>CARACTERÍSTICAS DO PRESENTE PROXECTO EDUCATIVO</u>	24
8.1. <i>Elaboración do Proxecto</i>	
8.2. <i>Difusión á comunidade educativa</i>	
8.3. <i>Revisión e avaliación do proxecto</i>	24
9. <u>FUNCIONAMENTO DO CENTRO: ANEXOS</u>	
9.1. <i>Regulamento de Réxime Interior (Anexo I)</i>	
9.2. <i>Plan de convivencia (Anexo II)</i>	
9.3. <i>Plan de Orientación (Anexo III)</i>	
9.4. <i>Proxecto lingüístico do centro (Anexo IV)</i>	
9.5. <i>Proxecto lector (Anexo V)</i>	
9.6. <i>Plan TIC (Anexo VI)</i>	
9.7. <i>Plan de Autoprotección do Centro (Anexo VII)</i>	

1. PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

O proxecto educativo de centro (P.E.C) será elaborado polo *equipo directivo* de acordo cos criterios do consello escolar e as propostas do claustro. Pódese constituir unha comisión no seo do consello escolar que canalizará e valorará as achegas feitas polo claustro e as asociacións de pais. Posteriormente será aprobado e avaliado polo *consello escolar*

Unha copia do P.E.C. quedará na secretaría á disposición de toda a comunidade educativa, outro exemplar entregaráselles ás asociacións de pais e un terceiro remitirase á inspección educativa para a súa supervisión.

ELABORACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

O proxecto educativo do centro *deberá incluír*:

- a) A organización xeral do centro
- b) Os fins e as intencións educativas do centro.
- c) Os obxectivos do centro tendentes a conseguir a normalización lingüística
- d) A adecuación ó contexto do centro dos obxectivos xerais das etapas e que deberán desenvolverse no proxecto curricular
- e) O Regulamento de réxime interior do centro
- f) A oferta do centro en canto a actividades e servicios
- g) As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- h) As formas de colaboración e intercambio cultural cos servicios sociais e educativos do concello e outras institucións.
- i) As características do contorno e as necesidades educativas que en función do contorno deberá satisfacerlo centro.
- j) As actividades ofertadas polo centro, tanto complementarias como extraescolares
- k) A participación en programas institucionais
- l) O instituto de secundaria ó que está adscrito o centro
- m) As condicións das instalacións do centro
- n) O Proxecto lingüístico
- o) O Proxecto lector
- p) O Plan Tic
- q) O Plan de convivencia
- r) Calquera outra circunstancia que caracterice o réxime de funcionamento e a oferta educativa do centro

.....

Decreto 374/1996 do 17 de outubro. Regulamento Orgánico das escolas de Educ. Infantil e dos colexios de Educ. Primaria. Proxecto educativo do centro. Artigos 86, 87, 88. DOG 21 de outubro de 1996.

Orde do 22 de Xullo de 1997. Organización e funcionamento das escolas de educ. infantil e dos colexios de Educ. primaria. Proxecto educativo do centro DOG. 2 setembro de 1997.

Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 19/7/2007)

2. ANÁLISE DO CONTEXTO EDUCATIVO

2.1 DATOS IDENTIFICATIVOS

- **Nome:** CEIP Isaac Peral
- **Ano de fundación:** 1978
- **Dirección:** Avenida de Mac-Mahón S/N, Apdo 15403, Ferrol, A Coruña
- **Teléfono:** 981 35 46 99
- **Fax:** 981 35 45 73
- **E-mail:** ceip.isaac.peral@edu.xunta.es
- **Titularidade:** Colexio Público de Educación Infantil e Primaria dependente da Xunta de Galicia.
- **Niveis educativos que se imparten:** Educación Infantil e Educación Primaria
- **Ratio aula:** A nosa ratio é moi elevada, estando en todos os cursos arredor dos 25 alumnos por aula.
- **Asentamento:** Urbano. Está situado entre o Cuartel de Infantería de Mariña e o pavillón Polideportivo da Mariña (achegase Plan).
- **Réxime de permanencia do alumnado e o profesorado:** Tanto o alumnado coma o profesorado é externo e o colexio ten *xornada única* de mañá.
- **Horario xeral:**
 - ▶ *Horario de apertura e peche do centro:* 07:30-18:00 horas, agás o venres que é de 7:30-14:00 horas
 - ▶ *Horario lectivo:* 9:00-14:00 horas
 - ▶ *Horario de almorzo:* 7:30 – 9:00 horas
 - ▶ *Horario do comedor:* 14:00 – 16:00 horas
 - ▶ *Actividades extraescolares:* 16:00-18:00 horas
- **Instituto ó que está adscrito:** IES Saturnino Montojo

2.2 DESCRIPCIÓN DA HISTORIA RECENTE DO CENTRO

O colexio Isaac Peral foi colexio de convenio entre o Ministerio de Educación e o de Defensa (R.O. 295/1988 de 25 de Marzo/ BOE do do 4 de Abril) e pasou no mes de Xaneiro do 2000 a pertencer á Consellería de Educación, tralo traspaso de funcións e servicios a comunidade autónoma de Galicia (Real Decreto 1763/1982 do 24 de Xullo/BOE 31/7/82). Dende o 1 de xullo do 2.000 as instalacións do centro foron cedidas polo Ministerio de Defensa á Consellería de Educación da Xunta de Galicia mediante un *convenio* (Resolución 121/2000 do 25 de abril. BOE 4/5/2000) que terá unha duración máxima de 99 anos conforme ó disposto no artigo 126 da Lei do Patrimonio do Estado.


2.3 DESCRIPCIÓN DO ENTORNO

O centro está emprazado no *concello de Ferrol*, no barrio de *Esteiro*. Isto faino colindar coa Universidade, co instituto Saturnino Montojo co que comparte porta, co pavillón polideportivo da Mariña e coa empresa Izar.

Pola súa ubicación está por unha banda nun dos barrios máis antigos da cidade e por outra é tamén o de máis recente remodelación.

En canto as zoas de influencia os alumnos proceden a maioría do barrio. Os alumnos fillos de militares *teñen dereito preferente* para seren admitidos no centro, segundo estipula o convenio entre o Ministerio de Defensa e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia (Resolución 121/2000 do 25 de abril. BOE 4/5/2000).





2.4 SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA DAS FAMILIAS

O colexio está nun barrio maioritariamente novo, con vivendas de recente construción, que si ben unhas son de construción cooperativa outras son de tipo social. Así a procedencia do alumnado é da clase media ou media-baixa. A incidencia do paro ben sendo escasa, aínda que empézase a notar xa problemas derivados de esta situación.

2.5 LINGUA USUAL


A lingua maioritaria entre o alumnado é o *castelán* aínda que moi poucos din ser descoñecedores do galego, incluso hai familias que empregan este idioma no seu ámbito familiar. A maioría dos que din descoñecer o idioma, proceden doutras comunidades e están de paso (case todos relacionados coa Armada). A pesar desta situación de transitoriedade o número de alumnos exentos en lingua galega é inferior ó 2 %.

2.6 ASOCIACIÓNS CULTURAIS DO BARRIO

Existe unha asociación de veciños e unha asociación cultural (*SCRD San Carlos*), que manteñen certos contactos coa escola, e nos invitan a participar nas súas actividades.

3. CARACTERÍSTICAS FÍSICAS DO CENTRO

O centro consta con *tres edificios*: o edificio de educación infantil, o edificio de educación primaria e o pavillón. Entre estes edificios están situados os patios de recreo.



3.1 EDIFICIO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Consta dos seguintes espazos:

6 aulas	2 servizos de alumnos
Conserxería	1 servizo de profesorado
Sala de profesorado	Sala de reprografía

3.2 O EDIFICIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

Consta de:

<u>Planta Baixa</u>		PRIMEIRO ANDAR	
4 aulas (1º Ciclo)	2 aulas	8 aulas	Depart. Orientación
Titoría 1º ciclo	Aula de música	Titoría 3º Ciclo	Aula de P. Terap.
Sala de reprografía	Cociña e comedor	Biblioteca	2 Aulas Aud. e Ling
Secretaría administrativa	Oficina da A.P.A.	Aula de audiovisuais	Servic. de profesores
Secretaría docente	Sala de limpeza	Aula de informática	Servic. do alumnado
Dirección	Servic. de profesores	Sala de profesores	Aula lingua estranxeira
Xefatura de estudos	Servic. de alumnado		
Conserxería	Sala de usos múltiples		
1 aula P.T			

3.3 PAVILLÓN

O colexio dispón dun pavillón cuberto que consta de:

- *Pista de baloncesto*
- *Pista de fútbol–sala*
- *Sala de material deportivo*

3.4 PATIOS DE RECREO

Podemos dividir o patio de recreo en tres zonas:

- *Diante do edificio principal:* só unha pequena parte deste patio está cuberto, a zona que queda mesmo diante da porta principal.
- *A zona situada entre o edificio de educación infantil e o de Primaria:* esta zona está cuberta.
- *O resto do patio,* é dicir, os laterais e parte de atrás: sen cubrir. Nesta zona, na parte lateral, hai un pequeno *parque infantil*.

3.5 CONDICIÓN DAS INSTALACIÓN DO CENTRO ;?????

Debido aos anos que ten o centro, na actualidade observanse as seguintes deficiencias:

- *Instalación da calefacción:* é moi antiga e necesita unha urxente remodelación.
- *Fachada do centro:* está en moi mal estado, é necesario unha reparación incluídas as rexas.
- *Servicios de E. Infantil:* son insuficientes e están en moi malas condicións. Está solicitado a súa ampliación e reparación.
- *Patio de recreo:* é necesario reparar a pavimentación, o peche e o muro que separa o centro do Instituto, ademáis de completar a arboleda.
- *Pintura das aulas:* algunha aulas están cheas de humidade e urxe volver pintalas.
- *Servicios no pavillón e no patio:* tanto o pavillón como o patio de recreo carecen de servicios polo que é necesario a súa colocación.

Dende o verán do ano 2.002 existe unha alarma no centro que está conectada co Concello e coa Policía.



4. FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS DO CENTRO

4.1 METAS EDUCATIVAS

- **Pluralismo e valores democráticos.** O centro manifesta e asume unha posición acorde co respecto e aceptación da pluralidade e valores democráticos tomando como obxetivos os seguintes:
 - ✓ *Respecto ós demais e a un mesmo*
 - ✓ *Respecto ao entorno:* natureza, parques, xardíns, edificio, material escolar...
 - ✓ *Solidaridade:* fomentaremos actitudes de axuda, colaboración, atención as necesidades dos compañeiros, xa sexa de tipo afectivo ou material, préstamo de materiais...
 - ✓ *Responsabilidade,* procurando ser consecuentes coas obrigas e accións de cada un, cumprindo cos acordos tomados, aceptando o criterio da maioría cando non hai consenso...
 - ✓ *Tolerancia,* educando no respecto as opinións dos demais, saber esperar, saber perdoar, habituarse a ver as cousas dende o punto de vista dos demais
- **Coeducación.** O centro practicará unha educación para a igualdade dos sexos, sen ningún tipo de discriminación por razón de sexo, inculcando a superación de mitos, tabúes e diferenciación de roles entre mulleres e homes.
- **Respecto á diversidade** como medio para conseguir unha sociedade máis plural.
- **Educación para a paz.** Defenderemos o compromiso da defensa da paz e dos dereitos humanos, facilitando o coñecemento e valoración das prácticas e contextos que os inculcan ou validan.
- **Consumismo:** Fomentaremos actitudes que vaian na liña de manter un consumo equilibrado na alimentación, vestimenta e no coidado do medio ambiente.
- **Atención á diversidade:** atenderanse as necesidades educativas especiais de cada alumno nos diferentes niveis educativos.

4.2 LÍNEA METODOLÓXICA

É difícil definir unha única línea metodolóxica para todo o centro, dado que a formación e a experiencia van aportando unha base metodolóxica chea de principios psicopedagóxicos a cada docente que fai que se configuren estilos diferentes de ensinar. O que pretendemos é ser respectuosos coa liberdade de cátedra.

Dentro desta línea de respecto e liberdade, dende o centro procuraremos seguir os seguintes principios:

- a) Fomentar no alumnado unha *actitude crítica, curiosa e investigadora*, que mediante a comunicación e o traballo chegue a ser a base da súa formación, implicando ó alumnado no proceso da súa aprendizaxe como axentes activos da mesma.
- b) *Os contidos* serán sumativos e estarán secuenciados de tal xeito que terán en conta as capacidades dos alumnos e os contidos adquiridos con anterioridade.
- c) *O entorno próximo* será o punto de partida na adquisición dos coñecementos cara a lograr a inserción do alumnado no mundo no que viven.
- d) Para as *aprendizaxes* teranse en conta as etapas de desenrolo evolutivo dos alumnos, así como os seus intereses e individualidades.
- e) O *traballo escolar* será prioritariamente globalizador e integrador, buscando a conexión entre as distintas disciplinas.
- f) O traballo escolar estará baseado en:
 - A colaboración e non a competencia.
 - O respecto ós compañeiros e non na rivalidade.
 - A orde e a disciplina para favorecer un bo clima de traballo na aula.

O profesorado deberá facer un traballo de coordinación para unificar criterios da actuación. Así mesmo tódalas persoas que traballan no centro ou que estean relacionadas coa comunidade educativa, deben de implicarse no labor educativo.

4.2 OBXECTIVOS XERAIS

- a) Facilitar o pleno desenrolo da personalidade do alumnado.
- b) Axudar na formación dos alumnos no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e liberdade, dentro dos principios democráticos de convivencia.
- c) Adquirir hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
- d) Formar ó alumnado no respecto da pluralidade lingüística e cultural de España.
- e) Preparar ó alumnado para participar activamente na vida social e cultural.
- f) Educar ó alumnado para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.

4.4 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Respecto ós alumnos/as

a) *A nivel intelectual*

- Conseguir nos alumnos unha aprendizaxe significativa.
- Progresar na aprendizaxe das técnicas de traballo intelectual.

b) *A nivel persoal*

- Potencia-la adquisición de hábitos para a saúde valorando as repercusións de determinadas conductas sobre a calidade de vida.
- Fomentar un desenvolvemento emocional equilibrado, mentalmente sá e unha autoestima adecuada.

c) *A nivel social*

- Desenvolve-la capacidade de colaboración en grupo e asunción das responsabilidades que lle correspondan.
- Cumprimento das normas de convivencia do Centro.
- Respecto e aceptación das diferencias individuais conseguindo un espírito solidario.

Respecto ó profesorado

- Emprego de métodos de ensino que propicien unha aprendizaxe significativa
- Ensino de técnicas de traballo intelectual
- Traballo eficaz en grupo, de coordinación e colaboración, conseguindo acordos en cuestións fundamentais sobre obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación
- Avanzar na atención ó alumnado con necesidades educativas especiais.

Respecto ó persoal non docente

- Traballar de xeito coordinado co equipo directivo e co resto do persoal docente.
- Colaborar nas actividades que se plantexen na medida das súas posibilidades e obrigas.
- Axudar a manter un clima de traballo adecuado.

Respecto á comunidade educativa

- Manter unha estreita colaboración con calquera membro ou entidade da Comunidade Educativa que a solicite, en especial coa APA.
- Conseguir unha conciencia ecolóxica en toda a comunidade.

4.5 LINGUA ESTRANXEIRA

Ao inicio da Educación primaria, os pais deben elixir entre *francés* ou *inglés* coma primeira lingua estranxeira. Sen embargo, cabe salientar que tódolos anos, o número de pais que elixe francés e moi baixo (1 ou 2) e a maioría dos anos ningún, polo que na actualidade o noso centro ten coma primeira lingua estranxeira o *inglés*. Esta lingua está introducida no noso centro coma un proxecto de anticipación á primeira lingua estranxeira dende E. Infantil.

4.6 ENSINANZA RELIXIOSA -- ATENCIÓN EDUCATIVA

No momento de facer a matrícula, os pais deben decidir se os seus fillos optan por cursar as ensinanzas de relixión.

O alumnado cuxos pais ou titores non opten porque os seus fillos cursen as ensinanzas de relixión, recibirán a debida **atención educativa** co fin de que a elección dunha ou outra opción non supoña discriminación ningunha. para os seus fillos.

A atención educativa, en ningún caso suporá a aprendizaxe de contados educativos asociados ao coñecemento do feito religioso nin a calquera área da etapa.

As actividades realizadas na atención educativa será levadas a cabo polo profesorado do centro poidéndose agrupar o alumnado segundo as necesidades. Os alumnos participarán en actividades con repercusión directa na vida do centro coma:

- *Exposicións:* Os rapaces realizarán debuxos, murais... encamiñados á organización de exposicións ben sexan no propio centro ou para participar en concursos ou exposicións fóra do centro.
- *Taller de Medio ambiente:* Con este taller os alumnos poderán achegarse a experiencias relacionadas coa semente , coidado e recolleita de plantas, así como á conservación de xardíns.
- *Actividades de Biblioteca:* Lectura, etiquetaxe, organización de libros....
- *Outras actividades:* en función das necesidades que vaian xurdindo

Tódolos anos ao finalizar o curso, no mes de xuño, ofréceselles os pais a posibilidade de continuar coa ensinanza relixiosa ou recibir atención educativa ou viceversa. Os pais que non soliciten o cambio, enténdese que desexan que os seus fillos continúen coa ensinanza que estaban recibindo. Ao comezo do curso nos primeiros días de setembro tamén se lles ofrece a posibilidade de cambio, non poidendo producirse ningún cambio unha vez comezado o curso.

Na actualidade, no noso centro, a porcentaxe de alumnos que reciben ensinanza relixiosa é arredor do 70 %.



4.7 NIVEIS DE ESIXENCIA

4.7.1 Criterios de avaliación

A avaliación será *continua*, terá carácter formativo e estará integrada no proceso formativo de maneira sistemática. As actividades de avaliación orientaranse á detección de progresos realizados polos alumnos en tódolos ámbitos do seu desenvolvemento (Orde 6/5/93- DOG. 20/5/93)

O **proceso de avaliación** enténdese como unha operación de seguimento continuo, persoal e globalizado dos alumnos. Dito proceso de avaliación axudaranos a determinar:

- A relación entre os coñecementos básicos e os contidos e obxectivos que se marcan.
- O nivel de madurez que vai acadando o alumnado no referente a hábitos, destrezas, actitudes, creatividade, sociabilidade...
- Factores de aprendizaxe: medios, métodos, hábitos de estudio e traballo...

As técnicas de avaliación a empregar serán:

- *Observación directa* da conducta e do traballo diario do alumnado.
- *Análise* do traballo realizado polo alumno.
- *Probas obxectivas* que se empregarán como un sistema máis de avaliación sen ter máis valor que as outras técnicas de recollida de información. Estas probas servirán ós alumnos para que sexan conscientes dos seus erros e podan ser subsanados así como dos seus progresos.
- *Autoavaliación*, que pretende que os alumnos sexan axentes do seu desenrolo e coñecedores dos seus logros nas diferentes materias do currículo.

Para valorar conxuntamente polo equipo docente as avaliacións de cada alumno establecemos 3 sesións de avaliación que veñen a coincidir coas vacacións de Nadal, Semana Santa e fin de curso.



4.7.2 Criterios de promoción

Ao rematar cada ciclo de educación primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o profesor titor asesorado polo departamento de orientación, tendo en conta os informes dos outros profesores do grupo de alumnos e escoitados os pais, decidirá se o alumno promociona ou non ao ciclo seguinte.

A promoción decídese na última sesión de avaliación do curso, na que estarán presentes todos os profesores que imparten clase a ese grupo de alumnos que se está a avaliar.

Para poder decidir se un alumno/a promociona ao ciclo ou etapa seguinte establecemos uns criterios de promoción para cada un dos ciclos da educación primaria. Antes de especificar eses criterios de promoción como norma xeral teremos en conta que:

1. Para avaliar cada unha das diferentes áreas aplicaránse os criterios de avaliación establecidos no PCC.
2. Cando se aprecien nalgún alumno/a dificultades de aprendizaxe con algunha materia avaliada negativamente, o titor ou o profesor que imparte clase nesa materia, adoptará as medidas educativas complementarias que axuden ao alumno a acadar os obxectivos programados.
3. A aplicación dos criterios de promoción será **flexible**, xa que ademais de ter en conta o grado de dominio conseguido nos contidos das distintas áreas ou materias valoramos:
 - a. A **madurez do alumno**, é decir, o desenrolo alcanzado polo alumno nas capacidades que necesita para continuar con aproveitamento o seu proceso de ensinanza no ciclo ou etapa seguinte.
 - b. A actitude e o esforzo do alumno/a para progresar na aprendizaxe, superar as dificultades e corregir erros, tendo en conta sempre o comportamento do alumno dentro e fóra da aula.
 - c. As características, posibilidades e intereses dos alumnos en relación co que se considera a mellor opción para que poida acadar as finalidades da etapa.
 - d. A conveniencia ou non da separación do alumno/a do grupo no que se atopa coas repercusións negativas ou positivas que esta medida poida ocasionar segundo a súa integración no grupo, os seus intereses...
4. Como norma xeral, o alumno só pode permanecer un ano máis na Educación Primaria. Para alumnos con NEE poderíamos aplicar a *flexibilidade da escolaridade* tal como recolle o *art 27 da orde do 27 de decembro de 2002* (DOG 30/1/03) no que se establece que se poderá aumentar excepcionalmente nun ano a permanencia dun alumno/a en Educación Primaria con respecto do disposto con carácter xeral.
5. Establecemos como **criterios xerais de promoción** os seguintes:
 1. Os alumnos/as promocionarán ao ciclo ou etapa seguinte *cun máximo de dúas materias avaliadas negativamente.*
 2. Se os alumnos teñen dúas áreas avaliadas negativamente, non promocionarán ao seguinte ciclo se non acadaron os obxectivos mínimos nas áreas de lingua castelá/galega e matemáticas. Estes obxectivos mínimos estarán recollidos no PCC.

Estes criterios serán aplicados de forma flexible e tendo en conta sobre todo o **criterio de madurez** según o cal *promocionará o alumno que teña as capacidades que lle permitan proseguir con aproveitamento os estudos de ciclo ou etapa seguinte.* Como a **avaliación é continua**, *non establecemos ningún tipo de proba global ó rematar a E. Primaria.*

4.8. PLAN DE NORMALIZACIÓN E GALEGUIZACIÓN DO ENSINO

O obxectivo principal do plan de Normalización Lingüística é:

Fomenta-lo uso da lingua galega.

Entre as actividades a realizar para conseguir este obxectivo están:

- Adquirir material bibliográfico, fonográfico, videográfico e lúdico-didáctico en galego.
- Fomenta-la lectura das obras literarias en lingua galega, promovendo o funcionamento das Bibliotecas de Aula.
- Programar datas, festas... que teñan que ver coa nosa cultura, en colaboración co Equipo de actividades complementarias e extraescolares: O Magosto, O Nadal, O Entroido, A Semana das Letras Galegas

Para poder realizar mellor o labor de potencia-lo uso da nosa lingua pedirase asesoramento a outros centros coma o propio Gabinete de Normalización da Xunta e ó C.E.F.O.R.E.S. e solicitaranse as subvencións de Normalización Lingüística á Xunta para poder subsana-los gastos.

A vida administrativa do centro está normalizada en galego. Actas, oficios, comunicados, avisos, así como os escritos que saen do centro dirixidos ós alumnos, pais, administracións e outros organismos da Comunidade Autónoma, redáctanse en lingua galega.

De acordo co Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo., a ensinanza da nosa lingua galega no centro queda fixada de seguinte maneira:

1. Na etapa de educación infantil

- O profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo.
- No caso de contornos castelán falantes, como é o noso caso, a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza será, como mínimo, igual á da lingua castelá.
- Fomentarase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, no sentido de que este se convirta no idioma base da aprendizaxe, de xeito que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e o profesorado.

2. En toda a etapa da educación primaria:

- Impartiranse obrigatoriamente en galego as áreas de matemáticas, coñecemento do medio natural, social e cultural e educación para a cidadanía e dereitos humanos, garantindo a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma.

No proxecto lingüístico do centro farase constar:

- As linguas que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento distintos dos anteriormente sinalados
- As oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo, co fin de alcanzar o obxectivo xeral establecido na Lei de normalización lingüística e na LOE no que afecta o fomento de plurilingüismo.
- Os criterios para determinar a lingua predominante do contorno
- As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.

4.9. ORIENTACIÓN DA APRENDIZAXE

Dende o curso 01-02, o noso centro dispón dun departamento de orientación. Cada ano, o departamento elabora un plan para atender ás necesidades do colexio: apoios, reforzos educativos, adaptacións curriculares, necesidades educativas especiais....

Alumnos con necesidades educativas especiais (NEE)

A educación, e polo tanto, o noso centro, debe atender os diferentes intereses, capacidades e motivacións dos alumnos. En ocasións, as necesidades dos alumnos requiren para ser satisfeitas, actuacións e recursos que difieren dos habituais. Estas son as NEE que poden manifestarse de xeito temporal ou ser permanentes durante toda a escolaridade.

A orixe destas necesidades pode atribuírse a diversas causas relacionadas co contexto escolar, social ou cultural, coa historia educativa e escolar dos alumnos ou con condicións persoais asociadas, sexa a discapacidade psíquica, motora ou sensorial, sexa a condición de sobredotación en canto as capacidades intelectuais.

O remate de cada curso, avaliarase os resultados dos resultados conseguidos por cada alumno en función dos obxetivos propostos a partir da valoración inicial.

4.10. RELACIÓNS DO CENTRO CO ENTORNO

Dende o centro se pretende:

- Potencia-la relación e colaboración coas asociacións culturais e veciñais do barrio.
- Colaborar e participar naquelas actividades programadas polas diferentes entidades e asociacións do concello que se consideren oportunas e acorde cos obxetivos plantexados neste PEC.
- Colaborar e participar nas actividades organizadas polo concello a través da concellería de educación e cultura, así como cos concellos próximos.
- Facilita-lo uso das instalacións do centro a aquelas entidades ou institucións que o soliciten e sempre e cando os seus obxetivos e fins esten de acordo co noso PEC.

5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

O centro terá unha xestión participativa e democrática a través da seguinte estrutura de funcionamento:

- Organos de goberno
- Personal de administración
- Órganos de coordinación docente
- Asociación de pais de alumnos/as

5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO

5.1.1 UNIPERSOAIS

- *Director, Xefe de Estudos e Secretaria*

Terán as funcións que lles asina o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro- DOG. 21/10/96), procurando cumprilas con equidade, transparencia e clarificando calquera dúbida sobre as mesmas. Serán os interlocutores entre tódolos sectores e membros da comunidade e propiciarán a participación e o bó entendimento entre os sectores.

Realizarán un traballo sistemático e coordinado entre eles para favorecer a coherencia e continuidade de acción formativa que realiza o claustro.

5.1.2 COLEXIADOS

- **Consello Escolar:**

A súa composición, atribucións e funcións axustarase ó disposto no Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro- DOG. 21/10/96)

- **Claustro de Profesores:**

Sendo o órgano de participación dos mestres no centro, ten a responsabilidade de planificar, coordinar e decidir sobre tódolos aspectos docentes do mesmo. A súa composición, competencias e funcionamento axustaranse ó disposto no Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro- DOG. 21/10/96).

- **Observatorio de Convivencia Escolar**

É un órgano colegiado creado para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia do centro, propoñer e deseñar as estratexias a adoptar para o fomento da cultura da Paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

Funcionará en pleno e celebrará tres reunións anuais de carácter ordinario e con carácter extraordinario, cantas veces sexa convocado pola presidencia, a instancia propia ou polo menos dunha terceira parte dos seus membros.

Constituirase no seo do Consello escolar e, no noso centro, estará formado por: o director/a, Xefe/a de estudos, Orientadora, un representante dos pais e nais, un representante do personal non docente e catro representantes no profesorado.

O observatorio de convivencia escolar estará aberto á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar. (Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar DOG 8/5/07)

5.2. ORGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

Son as formas de organización do traballo en equipo dos profesores para conseguir a aprendizaxe.

5.2.1. Equipos de ciclo:

Agruparán a tódolos mestres que impartan docencia no mesmo. Son os seguintes:

- Equipo de ciclo de E.Infantil
- Equipo de 1º ciclo de E. Primaria
- Equipo de 2º ciclo de E. Primaria
- Equipo de 3ºciclo de E. Primaria

Os equipos de ciclo serán os encargados de organizar e desenrolar, baixo a supervisión do xefe de estudos, accións educativas propias de seu ámbito. As súas competencias están reguladas no Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro- DOG. 21/10/96).

5.2.2. Comisión de Coordinación Pedagóxica:

Está formada polo director, o xefe de estudos, os coordinadores de ciclo, o coordinador do equipo de normalización lingüística, e o/a orientador/a, actuando como secretario/a un dos membros da comisión. As súas competencias regulanse polo disposto no Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro- DOG. 21/10/96)

5.2.3. Equipos de Nivel. O Profesor Titor:

Cada grupo de alumnos ten un profesor-titor designado polo director a proposta do xefe de estudos. O profesor titor será o que imparta maior número de horas nesa titoría. As súas funcións quedan establecidas ó disposto no Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro- DOG. 21/10/96).

Para recibir os pais fíxarase unha hora á semana. Así tamén cada profesor-titor pode facer reunións ó longo do curso cos pais/nais, sendo obrigada unha antes do mes de Novembro para informar da marcha do curso.

Tódolos profesores que imparten clase o mesmo grupo de alumnos reuniranse alomenos unha vez por trimestre, nas xuntas de avaliación, e sempre que se estime necesario.

5.2.4. Equipo de Normalización Lingüística:

Está constituído para potencia-lo uso da lingua galega no centro, e estará composto por un profesor de cada ciclo, a proposta da comisión de coordinación pedagóxica, podéndose incorporar ó equipo para temas puntuais outros membros da comunidade educativa. As súas competencias están reguladas polo disposto no Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro- DOG. 21/10/96).

5.2.5. Equipo de actividades complementarias e Extraescolares:

Está formado polos coordinadores e ciclo e o xefe do equipo de actividades. Será o encargado de coordinar todo tipo de actividades relacionadas co centro. As súas competencias están reguladas no Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro- DOG. 21/10/96).

5.2.6. Departamento de Orientación:

Está formado polos coordinadores de ciclo, o profesor/a de Pedagogía terapéutica, o profesor/a de pedagogía terapéutica e o/a xefe do departamento. Establece unha vía permanente de asesoramento ó profesorado e as familias. As súas competencias veñen determinadas no Regulamento de Orientación educativa (Decreto 120/1998 do 23 de abril. DOG. 27/4/98)

5.2.7. Sesións de avaliación:

Antes de cada avaliación, reuniránse os mestres que imparten clase a cada grupo de alumnos para proceder á realización dos informes de avaliación que posteriormente recibirán as familias.

5.3. PERSONAL DA ADMINISTRACIÓN:

Dende que o noso centro foi transferido á Xunta o personal non docente é o seguinte:

- Administrativos: Unha
- Personal laboral da Xunta: Dous
- Personal de limpeza:

Todo o personal anteriormente citado procura manter unha boa relación co equipo directivo e con todo o profesorado para que así entre todos podamos levar a cabo un bo labor educativo.

5.4. ASOCIACIÓN DE PAIS DE ALUMNOS (A.P.A.)

No noso centro hai unha asociación de pais de alumnos. Dita asociación ten reguladas as súas funcións no Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro- DOG. 21/10/96) .

A A.P.A. encárgase das actividades extraescolares que se fan no centro no horario da tarde así como de organizar o servizo de comedor e de almorzo.

As oficinas da A.P.A. teñen un horario para atender a tódolos pais que o necesiten tódolos días de 9 a 10 da mañá. Do mesmo xeito, a asociación realiza periódicamente unhas reunións xerais informativas.

6. PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS

O noso centro mantén unha postura aberta a todo tipo de programas que conleven unha innovación educativa ou unha mellora na calidade do ensino

6.1. PROGRAMAS DE FORMACIÓN EN CENTROS.

Xa no curso 96/97 o noso centro participou nun programa de formación en centros: “*Elaboración do Proxecto Curricular*”. Neste programa cabe salientar a elevada participación do profesorado (22 profesores) que levounos á realización do proxecto curricular de centro nas áreas de lingua castelana e matemáticas.

No curso 01-02 comezamos outro programa de formación en centros: “*Acercamento á elaboración do Plan de acción Titorial*” que do mesmo xeito, a participación do profesorado foi elevada (18 profesores) e o noso obxectivo foi lograr a elaboración dun plan de acción titorial que podamos aplicar no noso centro. Dito Plan quedou sen rematar por iso continuamos co traballo no curso 02/03 con outro curso. O seu título era “*O Plan de Acción Titorial*” en el traballamos un total de 21 profesores.

No curso 03-04 participou nun programa de formación en centros para a revisión do Proxecto Curricular.

En todos eles cabe salientar a elevada participación do profesorado.

6.2. GRUPOS DE TRABAJO- SEMINARIOS PERMANENTES

Curso 06-07: levarónse a cabo no noso centro dous grupos de traballo cun único obxectivo, a dinamización da biblioteca escolar. Un dos grupos adicouse á informatización e catalogación dos materiais da biblioteca e o outro grupo á específica dinamización.

Curso 07-08: no noso centro leváronse a cabo dous grupos de traballo, un deles adicado á convivencia escolar e outro á dinamización das TIC. Ademais durante este curso continuando coa labor iniciada no curso anterior da biblioteca escolar, está traballando un seminario permanente de dinamización da biblioteca escolar.

6.3. PROGRAMA DE ANTICIPACIÓN Á PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA

Xa dende o curso 99-00 o centro está a participar nun programa de *anticipación á primeira lingua estranxeira* (inglés) Pensamos que canto antes esté o neno en contacto coa nova lingua mellor será para a súa aprendizaxe. Sempre que a disponibilidad horaria do profesorado o permita, no noso centro a aprendizaxe da primeira lingua estranxeira iniciárase o antes posible.

Este programa levouse a cabo no primeiro ciclo de educación primaria dende o curso 99-00 e en E. Infantil (4 anos e 5 anos) dende o curso 01-02. Os alumnos/as recibiron dúas sesións curtas (entre 15-30 min) á semana de acercamento á *lingua inglesa*.

No curso 02/03, gracias a disponibilidad horaria do profesorado, este programa ampliouse a E. Infantil 3 anos e dende aquela continuamos co programa de anticipación dende os 3 anos.

Para levar a cabo o proxecto, o centro conta con dúas profesoras especialistas en lingua estranxeira (*Inglés*).

7. OFERTAS DO CENTRO

7.1. SERVICIOS

7.1.1. Transporte

Dado que o centro é urbano, non ten servizo de transporte subvencionado pola Xunta. Pero, debido ás características históricas do centro e ás condicións do seu alumnado procedente de diferentes puntos da cidade, ou mesmo doutros concellos (Narón), o centro ten transporte escolar que se rexe por un *contrato privado* entre os pais/nais e a empresa *Autos Paco*. Na actualidade funciona unha liña que cubre as zonas de Freixeiro, Estrada de Castela, Rúa Nova de Caranza e Caranza.

A porcentaxe de alumnos que utiliza o transporte escolar é inferior ó 10 %.

7.1.2. Comedor- Almorzo

Dende o ano académico 01-02, o colexio dispón dun servizo de comedor patrocinado polo concello e servido pola empresa de *catering de Caranza*. Os alumnos poden disfrutar do servizo do comedor tódolos días, en días fixos á semana ou en días esporádicos. O horario do servizo de comedor é de 14:00 horas ata as 16:00 horas.

A xestión do servizo do comedor levaa a A.P.A.

No curso 02-03 iniciouse o servizo de almorzo levado a cabo do mesmo xeito que o servizo de comedor. O seu horario é de 7:30 h a 9:00 h.

7.1.3. Secretaría

A secretaría do centro é atendida por unha administrativa. O horario de atención ó público é comunicado aos pais ó principio de cada curso. Este servizo encargarase da organización administrativa do centro coordinando ese labor co equipo directivo.

7.1.4. Conserxería

A conserxería é levada por dúas persoas que pertencen ó persoal laboral da Xunta. Entre as súas funcións están abrir e pechar o colexio e vixilar as instalacións do centro. Este persoal sempre prestará un servizo de colaboración co persoal docente.

7.1.5. Limpeza

O centro dispón de persoal específico que se encargan dos labores propios de limpeza. O seu horario depende das conveniencias do centro e serán revisados ó principio de cada curso e cando se estime oportuno.

7.1.6. Servizo de mantemento das instalacións

O encargado de prestar este servizo ó centro é o *concello de Ferrol*. **¿XUNTA?**

7.2. ACTIVIDADES

7.2.1. **Complementarias:**

O colexio fixa tres saídas de tipo cultural, unha por trimestre, sendo posible facer todas aquelas que os titores consideren oportunas para o enriquecemento cultural do alumnado. A saída de final de curso terá un carácter mais lúdico, entendida ésta coma unha convivencia de tódolos compañeiros da aula, nivel ou ciclo.

Procurarase que os nenos non repitan as visitas quedando a súa elaboración e organización en mans do departamento de actividades culturais e extraescolares, coa participación dos titores na súa programación.

En tódalas visitas ou saídas escolares irá polo menos un profesor por cada grupo de 20 alumnos/as (Decreto 374/1996- DOG. 21/10/96)

7.2.2. **Extraescolares**

As actividades extraescolares ofértanse cada ano e dependen da demanda do alumnado. Teñen que ter unha persoa responsable e estar perfectamente cualificada para impartir cada unha das actividades programadas

Cómprelle a APA a elaboración e seguimento de actividades fóra do horario lectivo, tanto deportivas como lúdicas. Nos derradeiros anos o colexio está a participar en actividades subvencionadas polo Concello, aínda que tamén oferta algunhas que non son subvencionadas.

O horario de actividades extraescolares é de 16:00 horas a 18:00 horas.



8. CARACTERÍSTICAS DO PRESENTE PROXECTO EDUCATIVO

8.1. ELABORACIÓN DO PROXECTO

O proxecto foi elaborado polo claustro do colexio no mes de Outubro de 1997, sendo realizada a última revisión no curso 07-08. Para completar a tramitación da súa revisión será presentado ao Consello Escolar e remitido á Inspección educativa.

8.2. DIFUSIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA DO P.E.C.

O presente PEC quedará a disposición de tódolos membros da comunidade educativa. Terán copias do mesmo a Dirección, Xefatura de Estudos, coordinadores de ciclo, secretaria e directiva da APA. Tanto o claustro como o Consello escolar procurarán que sexa o instrumento educativo básico da nosa comunidade.

Á hora de formalizar a matrícula os pais deberán ser informados da existencia deste proxecto e facilitaraselles o seu uso se así o requirisen. Nas reunións de principio de curso informarase ós pais da súa existencia e nos cursos novos deberá ser leído ós pais.

8.3. REVISIÓN E AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

Será revisado sistemáticamente ao principio de cada curso escolar. No caso de que teña que ser modificado, farase ó inicio de cada curso coas propostas do claustro e será levado ó Consello Escolar para a súa aprobación. Así mesmo será revisado, e se é necesario modificado, cando o solicite algún membro do Consello Escolar.

O procedemento para a avaliación do PEC consiste na lectura do mesmo por parte da comisión de coordinación pedagóxica e recollida das suxerencias nunha acta que será presentada ó claustro se é necesaria a súa modificación. Unha vez aprobada a modificación polo claustro será levada ó Consello escolar para a súa aprobación.